

HISTORIA DE SIRIA

A rexión de Siria foi o centro dunha civilización semita de gran importancia en torno ás cidades de Ebla e Ugarit, e semella que foi unha das máis antigas da Terra (3000 a.c.). Alí tivo lugar o descubrimento do bronce.

Terra de paso, o país estivo dominado por exipcios, cananeos, hititas, hebreos, asirios, persas, gregos, imperio seléucida, romanos, árabes, mongoles, otománs e franceses, ata a súa independencia en 1946.

Provincia romana desde o 64 a. C. ata 636, a capital neste período, a gran cidade de Antioquía, era unha das máis grandes e prósperas cidades do mundo antigo, cunha poboación estimada de 500.000 habitantes. A poboación da Siria romana, só foi superada a metades do século XX. Testemuña deste período son os numerosos restos artísticos asombrosamente ben conservados, algúns deles en perigo pola actual guerra civil.

Siria foi importante na historia do cristianismo: San Pablo converteuse a esta relixión na estrada a Damasco (actual capital de Siria) e Antioquía foi a primeira cidade non xudía convertida ao cristianismo.

Conquistada polos árabes no século VII, a cultura actual data daquela conquista musulmá. O empuxe das Cruzadas fixo que a liña costeira de Siria fora escenario de cruentas batallas e o dominio cambiara alternativamente entre musulmá e cristiáns.

Magníficos castelos son desta época de contenda como o Crak dos Cabaleiros.

A finais do século XV, o descubrimento dunha ruta marítima dende Europa ata o Afastado Oriente terminou coa necesidade dunha ruta comercial a través de Siria. Destruída polos mongoles, Siria foi parte do Imperio otomán desde o século XVI ata o século XX, e atopouse a si mesma enormemente apartada e ignorada polos asuntos mundiais.

Nós queremos axudar

Nós queremos axudar. Polo que dende o “Proxecto solidario”, puxemos en marcha unha serie de actividades, coa finalidade de achegarmos fondos ás situacións máis urxentes que viven as persoas desprazadas.

-Vídeo conferencia coa ONG” PROACTIVA OPEN ARMS”, con motivo do “Día da Paz”. A esta organización adicaremos parte da recadación. Son socorristas que patrullan as costas mediterráneas para rescatar ás persoas que naufragan intentando fuxir da guerra.

-Colaboraremos con “ SAVE THE CHILDREN” (ONG de axuda á infancia, o colectivo máis desprotexido neste conflito), a través do cross solidario: “quilómetros”. Planeamos tamén unha Andaina para as persoas que queiran moverse, pero non correr .

-Concienciación nas aulas: diversas proxeccións, mensaxes da paz dirixidos ás nenas e nenos sirios...

-“MÉDICOS SEN FRONTEIRAS”, por brindar a asistencia sanitaria que tanto precisan.

Unha das actividades que o alumnado ten en marcha neste momento son “Os petos de céntimos”. Estas caixas pretenden recoller moedas que a nós, ás veces, non nos dan para gran cousa, pero que para o pobo sirio refuxiado en campamentos pode ser moito. Verédelas non só no CPI, tamén en todos aqueles establecementos do Mosteiro que queiran colaborar.

As ONG’s foron seleccionadas en función de criterios de urxencia así como da transparencia na súa xestión e a relevancia internacional. Queremos asegurar que a recadación chegue a onde se precisa.

Por último, pero moi importante tamén, podedes axudar con ideas e actividades que poidamos pór en marcha para recadar fondos.

Máis información: [web do centro](http://www.edu.xunta.gal/centros/cpimosteromeis/)
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpimosteromeis/>



[blog do centro](http://cpimosteromeis.blogspot.com.es/)
<http://cpimosteromeis.blogspot.com.es/>



MENÚ

Entrada: Um jada´s shorabet al adus
(sopa de lentellas laranxas)

Principal: Hubbie de polo

Sobremesa: Dátiles

ENTRANTE

Sopa dunha variedade de lentellas pouco común na gastronomía occidental. Esta receita está



confeccionada baseándonos nos menús que se ofrecen nos campamentos de refuxiados. É Unha receita simple pero chea de sabor polas especias que se engaden e pola textura suave destas lentellas moi apreciadas na gastronomía árabe e asiática.

PRINCIPAL

O hubbie de polo é unha receita propia de Damasco consistente nun guiso de polo especiado con curri e acompañado con trigo en gran e froitos secos salteados.



SOBREMESA

Os dátiles son a base de moitos dos doces rexionais, ademais de ser típicos no acompañamento do tradicional té de menta. Son o froito das palmeiras datileras cultivadas principalmente nas rexións áridas e secas do Oriente Medio, sendo os da variedade Medjoul os máis apreciados.



Despois da campaña de sensibilización con Siria que fixemos, non queremos esquecer a este pobo que está a pasar por un momento tan difícil. Por isto, coa celebración do día da Paz aínda na nosa lembranza, rendemos unha homenaxe a Siria a través desta xornada gastronómica na que faremos unha pequena mostra da cociña típica Siria. Concretamente a receita da entrada é sacada da “Cociña dos refuxiados”, unha sopa quente que reconforta a estas xentes que perderon o fogar e fuxiron da guerra.



Como Axudar

- A Través de **ACNUR** (Axencia da ONU para os refuxiados, vía web ou no 902.218.218) **CEAR** (Comisión española de axuda ao refuxiado) ou **ACCEM**, especializado en situacións de exclusión.
- Mediante o **Programa Mundial de Alimentos de Nacións Unidas**, que asiste a 6 millóns de sirios desprazados.
- Colaborando con outras organizacións de axuda aos refuxiados como **Cruz Vermella**, **UNICEF**, **Médicos Sen Fronteiras**, **Rescate** ou **Moas**. Consultando outras iniciativas locais coma a promovida dende o **CPI Mosteiro-Meis**.

O CONFLITO

Siria está tristemente de actualidade pola guerra que está a padecer. Trátase dun conflito complexo que para entendela hai que remontarse un mínimo de 5 décadas. O actual presidente de Siria Al-Asad herdou o poder trala morte do seu pai, que en 1970 tomou o control do país cun golpe de estado. O seu goberno dictatorial non tolerou ningunha disidencia política, facendo terribles violacións dos dereitos humanos se fora preciso para manter o poder.

A familia Asad é de orixe alauita, nun país de maioría suní, polo que tan so ás minorías étnicas sítense representadas polo actual réxime, ista situación explica en parte o rexeitamento que gran parte da poboación sinte polo goberno do seu país. No 2011, a detención dun grupo de adolescentes por debuxar un grafiti contrario ao réxime, provocou manifestacións masivas e choques coas forzas do goberno que chegaron a abrir fogo, subindo de ton as protestas que pediron a caída do réxime de Al-Asad. Todas estas protestas pacíficas, no contexto da “Primavera Árabe” que se espallaba por Túnez, Libia, Exipto e Yemen principalmente, comezaron a recrudecerse en resposta á violenta represión exercida polo réxime. Os manifestantes comezaron a armarse, e incluso tropas do goberno desertaron para unirse aos insurxentes. A medida que a oposición acadou máis armas, as hostilidades foron intensificándose até ter a condición de guerra civil. Unha das claves deste conflito é a cantidade de grupos da oposición que tan so teñen en común a súa esixencia de caída do réxime de Al-Asad, xa que non comparten proxecto político. Estímase que operan uns mil grupos armados en Siria. Neste contexto, os grupos yihadistas van collendo máis peso apoiados e financiados por gobernos rexionais para promover os seus intereses estratéxicos, ademais do interese do propio goberno en polarizar o conflito entre o réxime e os radicais.

A situación é por tanto crítica, con partes cada vez máis radicalizadas e unha poboación en estado de emerxencia. Máis de 16 millóns de persoas precisan axuda humanitaria. Con preto de 300.000 vítimas mortais, o conflito armado en Siria fixo perder os seus fogares a 5 millóns de sirios, e 12 millóns de desprazados.

A poboación civil está a padecer esta radicalización das partes, atopándose entre os yihadistas que defenden un sunismo violento, e o réxime ditatorial de Al-Asad. Quédalles como única alternativa, para aqueles que poden, fuxir do país.

XORNADA GASTRONÓMICA DE SIRIA



Norias de Hama. Inxeniosa obra de enxeñería antiga de enormes rodas de madeira que impulsan a auga cara ao acueduto que a distribúe.



Espléndido teatro romano de Bosra



Castelo cruzado do Crac dos Cabaleiros



A devastación da actual guerra